



# a praga do PSÍLIDO AFRICANO dos cítricos: *Trioza erytreae* Del Guercio

## O PSÍLIDO AFRICANO DOS CÍTRICOS:

### *Trioza erytreae* Del Guercio

O psílido africano dos cítricos, *Trioza erytreae* [Del Guercio, 1918] é orixinario de África e atópase amplamente distribuída neste continente. En Europa detectouse en Azores, Madeira e en Canarias. Durante o ano 2014 detectouse na Comunidade Autónoma de Galicia en concellos das comarcas do Salnés e do Barbanza.

#### DESCRIPCIÓN

Vive exclusivamente sobre plantas da familia Rutaceae, tanto silvestres (*Clausela anisata*, *Vespris undulata*) como cítricos, especialmente limóns (*C. limón*) e limas (*C. aurantiiflora*). Os adultos teñen un aspecto similar ós pulgóns, miden uns 2 mm de lonxitude e posúen ás largas e transparentes. Inicialmente son de cor verde e van escurecendo ata castaño escuro. Os ovos son alongados, de cor amarelo-alaranxado e eclosionan entre os 6 e 15 días. As ninfas son elípticas e desprázanse durante pouco tempo na superficie da folla ata fixarse. Nos puntos de alimentación fórmanse depresións segundo van medrando as follas. As follas con moitas depresións rízanse completamente cara o seu interior. Esta especie non presenta diapausa, de forma que ó aumentar a humidade relativa e a temperatura tamén aumenta o número de individuos en todos os estados de desenvolvemento. Os adultos presentan fototropismo positivo, polo que soen dirixirse ás extremidades das ramas onde atopan follas xóvenes en crecemento.

#### SÍNTOMAS

O principal impacto é que este insecto é vector da forma africana da enfermidade denominada "Huanglongbing", "greening" ou dragón amarelo dos cítricos, causada pola bacteria *Candidatus Liberibacter africanus*. Ata o momento, en ningúna das árbores nas que se apareceu o psílido estaba presente a bacteria.

*Trioza erytreae* provoca unha grave distorsión das follas, atrofias e galadas que aparecen espolvoreadas con bolas fecais. As follas novas xeralmente presentan clorose amarela. No envés das follas e dentro das galadas localízanse as ninfas e os adultos da Trioza.

#### CONTROL

*Trioza erytreae* é unha praga de corentena polo se esixe tomar medidas para a súa erradicación e control. Para elo debe poñerse en marcha unha campaña de detección e control deste organismo, na que se deben implicar todos os propietarios de exemplares de cítricos. Por iso, no caso de detectar a presenza deste organismo ou dos seus síntomas nas súas árbores deberá:

- Notificalo ao servizo de explotacións da súa provincia ou á oficina agraria comarcal da súa zona, indicando o seu nome, teléfono, dirección, localización da parcela e número de árbores afectados.
- Se a afección é leve, pode realizar a poda das ramas afectadas e destruíllas mediante queima.
- Aplicar un produto fitosanitario autorizado para o tratamento desta praga. Recomendase realizar dous tratamentos continuados nun intervalo de dúas a tres semanas, se é posible, alternando as sustancias activas utilizadas.
- Non realizar movemento de material vexetal (plantóns, xemas para enxerto, etc.) de plantas infectadas a outras zonas para evitar a dispersión da praga.
- Difundir a información sobre esta praga entre as persoas ás que poida interesarlle e que teñan plantas de especies sensibles para que a campaña de control teña o maior efecto posible.



#### OFICINA XUNTA DE GALICIA

|   |
|---|
| SERVIZO DE EXPLOTACIÓN AGRARIAS DE PONTEVEDRA     |
| SERVIZO DE EXPLOTACIÓN AGRARIAS DA CORUÑA         |
| SERVIZO DE EXPLOTACIÓN AGRARIAS DE LUGO           |
| SERVIZO DE EXPLOTACIÓN AGRARIAS DE OURENSE        |
| SERVIZO DE SANIDADE E PRODUCCIÓN VEXETAL SANTIAGO |

#### ENDEREZO

|   |
|---|
| Rúa Fernández Ladreda 36003 Pontevedra          |
| Rúa Vicente Ferrer nº 2 15008 A Coruña          |
| Ronda Muralla 70 27071 Lugo                     |
| Rúa Florentino L. Cuevillas baixo 32003 Ourense |
| Rúa dos Irmandiños s/n 15701 Santiago           |

#### TELÉFONO/FAX

|   |
|---|
| Tel: 986805446 / 986806554 Fax: 986805406 |
| Tel: 981182579 / 981184548 Fax: 981184474 |
| Tel: 982294459 / 982889247 Fax: 982294808 |
| Tel: 988386687 / 98386571 Fax: 988386482  |
| Tel: 881997443 / 981546799 Fax: 881997442 |



XUNTA  
DE GALICIA